

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE SETEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:30 horas do día vinte e nove de setembro de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da Alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/SA ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando a Alcaldesa pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- REQUERIMENTO DE EMENDA DA SOLICITUDE E DE ACHEGA DE DATOS OU DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, con rexistro de entrada neste concello co nº 2132 en data 15/09/2016, no que se comunica o requerimento de documentación relativa á solicitude para a transmisión en propiedade mediante adjudicación directa a título gartuíto, do seguinte ben inmueble: Referencia catastral 15010A508005320000JW, do polígono 6, parcela 532 no concello de Boimorto, Expt: ALL20101500110, dispoñendo dun prazo de 15 días hábiles contados desde a recepción do escrito.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO POLO QUE SE INCOA EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, rexistro de entrada neste concello co nº. 2134 en data 15/09/2016, no que resolve incoar expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras realizadas sen a preceptiva licenza municipal

consistentes na rehabilitación e ampliación da edificación tradicional sita no núm. 10 do lugar da Igrexa - Sendelle (referencia catastral 15010A503002370001KU).
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014 -2020

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, rexistro de entrada neste concello co nº. 2133 en data 15/09/2016, no que se notifica a resolución de concesión de subvención por importe de **4.500,00€** no marco do **Programa Operativo Feder Galicia 2014 - 2015**, ao abeiro da orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ó cambio climático na xestión e planificación públicas (D.O.G. Nº 84, martes 3 de maio de 2016).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA COMUNICANDO AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN ANTICIPADAS CORRESPONDENTES Ó PROGRAMA DE AXUDAS APROL RURAL

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Economía Emprego e Industria, rexistro de entrada neste concello co nº. 2116 en data 14/09/2016, no que comunica a autorización do Xefe Territorial para a realización das contratacións anticipadas de 2 traballadores/as da ocupación profesional auxiliar de clínica (GRUPO 9) correspondentes ó programa de axudas APROL RURAL convocado para cofinanciar accións de fomento do emprego no ámbito da colaboración coas entidades locais no medio rural a través de contratación de persoas desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº. 2140 en data 16/09/2016, no que se notifica a resolución de concesión de subvención por importe de **1.354,37€** para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación, ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión destas axudas. Nº de expediente: BS305E 2016/152-0.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO Ó CONCELLO DE BOIMORTO DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN

CORRESPONDENTE Ó PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 2056 en data 07/09/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP 118, DO 22/06/2016, correspondente ó exercicio 2016 para a contratación de tres peóns polo importe de 11.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE DECLARA A PÉRDIDA DO DEREITO Ó COBRO, DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DO EXERCICIO 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 2105 en data 13/09/2016 no que se notifica a resolución pola que se declara a perda do dereito ó cobro da subvención publicada no BOP nº 209, do 31/10/2014 por motivo de renuncia por parte deste concello.

Unha vez finalizado o expediente de perda do dereito ao cobro, incoarase expediente de reintegro do anticipo aboado con data 20-05-2015, por importe de 1.000 €uros, así como os xuros de mora dende esa data.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN POLA QUE SE APROBA O ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 2103 en data 13/09/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do 50% do importe da subvención concedida e publicada no BOP 128, DO 07/07/2016 correspondente ó exercicio 2016 para o desenvolvemento de actividades culturais por importe de 3.045, 00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DE D. JESÚS BREA COSTOYA

Vista a solicitude presentada por D. Jesús Brea Costoya, con DNI núm. 76457508B e con domicilio a efectos de notificacións en Lugar Currás número 15, parroquia de Cardeiro, 15818 Boimorto, con rexistro de entrada número 2223 do 28/09/2016 sobre solicitude de autorización para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 15 de outubro de 2016, en horario de 14:00 a 18:00 horas sen alumeado.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Jesús Brea Costoya, con DNI núm. 76457508B e con domicilio a efectos de notificacións en Lugar Currás número 15, parroquia de Cardeiro, 15818 Boimorto, para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 15 de outubro de 2016, en horario de 14:00 a 18:00 horas sen alumeado, sendo o período de ocupación do pavillón de 4 horas, condicionando a autorización a:

1º.- A presente autorización abrangue das 14:00 horas ás 18:00 horas do día 15 de setembro de 2016, quedando o autorizado baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- O autorizado, ó rematar a actividade, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de COARENTA E OITO (48,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.c) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esa autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.2.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2182, con data 21/09/2016 presentada por Dna. María del Mar Novo Veiga con DNI 44819957H, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Vista Alegre nº 9, Boimil, 15817 Boimorto, na que solicita a baixa no servizo de recollida de lixo correspondente á vivenda do seu difunto pai D. José Luís Novo Veiga, sita no lugar de Codesido núm. 3, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Considerando que a interesada aporta documento de confirmación de baixa do contrato polo subministro de enerxía eléctrica da referida vivenda.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de recollida de lixo que figura a nome de D. José Luís Novo Veiga, correspondente ao inmovible sito no lugar de Codesido nº 3 da parroquia de Boimil, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2016.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.3.- BAIXA NO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2047, con data 06/09/2016 presentada por D. Manuel Garea Cabo DNI 33237158L, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Bertomil núm. 6, parroquia de Brates, 15818 Boimorto, actuando en representación da Sociedade Gandeira Bertomil, S.C. CIF J70105655, na que expón que é titular dnha explotación gandeira ubicada no referido lugar, que na actualidade conta con 17 cabezas de gando maior e solicita a baixa no padrón fiscal de recollida de lixo.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de recollida de lixo que figura a nome da Sociedade Gandería Bertomil, S.C na tarifa b) explotación gandeira ao contar con menos de 25 cabezas, sita no lugar de Bertomil, parroquia de Brates, na elaboración do padrón fiscal correspondente oa cuarto trimestre do exercicio 2016.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmovibles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas , le-

galidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 5/2016) PARA O PROXECTO DE LEGALIZACIÓN E DE AMPLIACIÓN DE ESTABLO DE VACÚN DE LEITE NO LUGAR DE ORROS, PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. XESÚS SEOANE TABOADA EN REPRESENTACIÓN DE SAT SEOANE Nº 843 XUGA

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (OB-002) tramitado a instancia de D. Xesús Seoane Taboada con DNI nº 33249313F, en representación de SAT Seoane nº 843 Xuga, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Orros nº 8, parroquia de Andabao, 15816 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 620 en data 30/03/2016, para legalización e ampliación de establo de vacún de leite no lugar de Orros, parroquia de Andabao, na parcela número 10481 do polígono catastral 504 (Referencia catastral: 15010A504104810000JE) consonte ao proxecto achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Manuel García Pedreira, colexiado nº 1.163, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña - Pontevedra co número 395/16; presentando o oficio de dirección de obra visado; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, así como da licenza definitiva de actividade para obras de Mellora Medioambiental en explotación gandeira polo RAMINP, en aplicación do Decreto 2414/1961 de 30 de novembro, Regulamento de actividades, molestas, insalubres, nocivas e perigosas, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 26 de novembro de 2015.

Con data 04/04/2016 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 20/05/2016 rexistro de entrada número 991 preséntase “Proxecto de legalización e de ampliación de establo vacún de leite” redactado polo mesmo técnico e visado co mesmo número.

Con data 23/05/2016 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 15/06/2016 rexistro de entrada número 1.322 preséntase “Anexo ao proxecto de legalización e de ampliación de establo de vacún de leite” redactado polo mesmo técnico sen visar.

Con data 20/06/2016 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 05/07/2016 rexistro de entrada número 1.572 preséntase “Anexo ao proxecto de legalización e ampliación de establo de vacún de leite” redactado polo mesmo técnico sen visar.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 11/07/2016 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid, no que se informa que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe de Secretaría de 28/09/2016 coas advertencias nel contidas e o compromiso por parte do interesado de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. Xesús Seoane

Taboada con DNI nº 33249313F, en representación de SAT Seoane nº 843 Xuga (LO 5/2016) para executar as obras de legalización e de ampliación de establo de vacún no lugar de Orros, parroquia de Andabao (solo rústico de protección agropecuaria), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director de obra D. José Manuel García Pedreira.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra maior ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- As obras a realizar consistirán na construción de:
 - .- Ampliación da corte libre de leite existente 67,07 m2
 - .- Cubrición fosa de xurro existente 369 m2
 - .- Construción sala de partos 13,37 m2
 - .- Construción de enfermería 13,37 m2
 - .- Construción sala de muxido 72,29 m2
 - .- Mellora en construción existente de mais de 20 anos para localizar a sala de espera 55,35 m2
 - .- Construción de almacén pechado 18,23 m2
 - .- Legalización de alpendre existente de 125 m2
- .- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 e 40 do PXOM de Boimorto e o artigo 39 da Lei 2/2016 do solo de Galicia
- .- As distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación será o regulado no artigo 43.3 do PXOM.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de exposición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.
- .- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Informarlle ao interesado que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes de da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 40.994,97 €uros.

Liquidación: 819,90 €uros

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. Xesús Seoane Taboada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 6/2016) PARA AMPLIACIÓN E MELLORA DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE NO LUGAR DE LIÑEIRO, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ LUÍS LÓPEZ GAREA.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. José Luís López Garea con DNI nº 76517865Q, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Liñeiro núm. 6, parroquia de Ánxeles, 15816 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1.939 en data 22/08/2016, para realizar as obras de ampliación e mellora de explotación de gando vacún no lugar de Liñeiro, parroquia de Ánxeles, na parcela número 144 do polígono catastral 506 (Referencia catastral: 15010A506001440001KG) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señarís González, colexiado número 769 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número 20160763; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002

Con data 24/08/2016 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 02/09/2016 rexistro de entrada número 2.043 preséntase anexo ao proxecto (onde se fai referencia a varios puntos requeridos e se acompaña o nomeamento de Dirección de obra), certificación sobre condicións sanitarias, medioambientais e de benestar animal, así como copia do recoñecemento da antigüedade das construcións existentes na parcela.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 07/09/2016 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid, no que se informa que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental

Visto o informe de Secretaría de 29/09/2016 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. José Luís López na. María Luisa López Garea con DNI nº 76517865Q (LO 6/2016), para executar as obras de ampliación e mellora de explotación de gando vacún de leite no lugar de Liñeiro, parroquia de Ánxeles (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director de obra o enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señarís González

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consistirán en:

.- Reforma de 45 m² da corte existente.

.- Ampliación de 229,5 m²

.- **As obras non poderán iniciarse ata que presente:**

.- **Elevación a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 203 m², tal como consta no plano nº 2 do anexo ao proxecto.**

.- As obras deben axustarse ao establecido nos artigos 31 e 40.4 do PXOM de Boimorto.

.- As distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación será o regulado no artigo 43.3 do PXOM.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos

directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

TERCEIRO.- Informarlle ao interesado que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa polo que deberá tramitála segundo o modelo CP-001 da Ordenanza municipal reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada o BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 6/16

Presuposto de execución material da obra: **50.507,47 €uros.**

Liquidación 2%: **1.010,15 €uros**

QUINTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 27 de setembro de 2016 (RE núm. 2218) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Lourdes Graña Montero
DNI:	78782190Z
Domicilio:	Lg. Areas núm. 4 - Andabao 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución de cuberta dun alpendre e recebo de parede
Situación:	Lg. Areas núm. 4 - Andabao - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A504010380001KT
Orzamento de execución:	2.338,84 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 27 de setembro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao estab-

lecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que **as paredes de bloque de formigón do alpendre, ademais de enfuscarse deberán pintarse**, para o cal, empregaranse cores acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 3.452,80 Euros

Liquidación 2%: **69,06 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo Dna. María Lourdes Graña Montero indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 29 de setembro de 2016 (RE núm. 2231) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Carmen García García
DNI:	76475409H
Domicilio:	Lg. Franzomil núm. 4 - Sendelle - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Reforma de cuarto de baño en vivenda unifamiliar
Situación:	Lg. Franzomil núm. 4 - Sendelle - Boimorto
Referencia catastral:	15010A503002830001KP
Orzamento de execución:	2.727,28 Euros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 29 de setembro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.727,28 €uros

Liquidación 2%: **54,55 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo Dna. María Carmen García García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN: MELLORAS NO AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE BOIMORTO. EXPEDIENTE CSPNSP 1/2016

Visto o expediente relacionado co subministro e instalación subvencionado pola Xunta de Galicia de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, o amparo da Orde do 23 de decembro de 2015 para financiar as actuacións descritas no anteproxecto “Melloras no aforro enerxético do alumeado público do Concello de Boimorto” modificado en atención ao informado pola secretaria, cun orzamento de execución por contrata de 44.071,21 €uros (36.422,49 €uros sen IVE + 7.648,72 €uros IVE do 21%).

Visto que se aprobou, por Providencia da Alcaldía do día 22/07/2016, iniciar o expediente para a dita contratación e que se motivou a necesidade e idoneidade da contratación proposta, adxuntando borrador dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato..

Visto que con data 22/07/2016 se emite informe de intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e a existencia de crédito en relación a partida do orzamento municipal para a anualidade 2016 16561900.

Visto que con data 22/07/2016 emiteuse informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 29/07/2016, mediante Decreto da Alcaldía 298/2016, aprobouse o expediente de contratación xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato mixto de subministro e instalación de “Melloras no aforro enerxético do alumeado público do Concello de Boimorto”, por procedemento negociado e tramitación urgente. Así mesmo, autorizouse o gasto que supón a adxudicación.

Visto que con data 02/08/2016 remítese invitación as seguintes empresas:

D. José Antonio Mourín Freijo. NIF: 33324043X

Efigal Norte, S.L.U. CIF: B27434109

Electricidad Cruceiro, S.L. CIF: B15457575

Unha vez rematado o prazo outorgado para a presentación de ofertas, presentan oferta as tres empresas invitadas.

En data 19/08/2016 reúnen os mebmros do órgano encargado da negociación para proceder á cualificación de documentación contida nos sobres A, comprobándose que cumpren os requisitos esixidos e a continuación se procede á apertura dos sobres B, solicitando informe aos servizos técnicos sobre criterios de adxudicación subxetivos obxecto de valoración aplicando o prego

de cláusulas administrativas particulares e conforme o disposto en concreto para outorgamento de puntuación no anexo V de ditos pregos.

O día 24/08/2016, volve a reunirse o órgano de negociación, donde se da conta do informe emitido polo técnico municipal de data 23/08/2016; seguidamente apertúranse os sobres C, acordando comunicar á Alcaldía as puntuacións para que a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, acorde comunicar a cada licitador a través da dirección de correo electrónico en que posición está para presentar unha segunda oferta.

O día 02/09/2016, vólvese a reunir o órgano encargado da negociación para valoración definitiva en base as novas ofertas presentadas, resultando que a oferta presentada por Efigal Norte, S.L.U incorre en baixa temeraria, segundo o programa de valoración de ofertas económicas en contrato e concurso da Deputación Provincial; acórdase propoñer ao órgano de contratación a solicitude de xustificación de baixa temeraria.

En data 02/09/2016 dítase o Decreto núm. 370/2016, no que se require á empresa Efigal Norte, S.L.U., para que no prazo de cinco días naturais xustifique dita oferta.

Considerando que a empresa Efigal Norte, S.L.U., no prazo outorgado para a presentación da documentación xustificativa no período comprendido dende o día 13/09/2016 ao 17/09/2016, ésta non presenta a documentación. En data 28/09/2016 vólvese a reunir o órgano de negociación, propoñendo ao órgano de contratación excluír do procedemento á empresa Efigal Norte, S.L.U ao non xustificar a baixa e propoñer a adjudicación a favor da empresa Electricidad Cruceiro, S.L.

Resultando que por Decreto da Alcaldía 420/2016 de data 28/09/2016, avocando as competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, acórdase excluír do procedemento á empresa Efigal Norte, S.L.U., clasificar as proposicións presentadas polos dous licitadores non excluídos por orde de puntuación, atendendo a proposta levada a cabo polo órgano de negociación, de conformidade cos seguintes datos:

Empresa	Puntuación técnica	Días reducción prazos	Puntuación reducción prazos	Oferta económica	% Baixa	Puntuación valoración económica	Total
Electricidad Cruceiro, S.L.	9	86	2	41.019	0	1,52	12,52
José Manuel Mourin Freijo	0,01	82	1,58	43.560	1,16	0,26	1,84

Notificar e requerir a Electricidad Cruceiro, S.L para que no prazo de cinco días hábiles aporte a documentación sinalada na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Visto que en data 29/09/2016 con nº de rexistro de entrada 2235, pola empresa Electricidad Cruceiro, S.L. Preséntase a documentación requerida no Decreto 420/2016, así como, o documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido por importe de 1.650 €uros.

De conformidade co establecido nos artigos 151.4, 154 e 156 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 30/1992 avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto nº 167/2016 con data 24/05/2016, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Adjudicar o contrato mixto de subministro e instalación de “Melloras no aforro enerxético do alumeadado público do Concello de Boimorto”, mediante procedemento negociado

e tramitación urgente, á empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L., CIF: B15457575 e con domicilio en Parque empresarial, parcela 9, 15810 Arzúa (A Coruña), de acordo coa proposta efectuada polo órgano de negociación, en aplicación do prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por Decreto 298/2016 de data 29/07/2016, polo prezo sen IVE de 33.900,00 euros, IVE de 7.119,00 euros, prezo total: 41.019,00 euros, subministro e instalación que terá que executar no prazo de 4 días naturais.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 16561900 do vixente presuposto municipal para o 2016.

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación ao licitador que quedou excluído e ao licitador que non resultou adxudicatario con sinalamento dos recursos procedentes.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L. e requerirlle para que no prazo de quince días hábiles dende o día seguinte ao da recepción da notificación do presente acordo concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como director da obra a D. Ángel Delgado Cid, colexiado nº 4.657

SEXTO.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Concello de Boimorto (www.contratosdegalicia.es)

4.2.2.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA A AMPLIACIÓN DA MINIRESIDENCIA. EXPEDIENTE CSPNSP 2/2016

